

## DEFINICIÓN DE TERMOS

(Ordenados tematicamente e cronoloxicamente)

**Economía predadora (páx. 17):** Tipo de actividade humana na que se obteñen e consumen os recursos da natureza sen xerar produción. É característica das sociedades paleolíticas ou pre-agrícolas nómades ou seminómades nas que a recolección de froitos silvestres, a caza, a pesca e o marisqueo son as actividades que permiten ao grupo obter os alimentos e os recursos para o vestido e a construción das vivendas.

**Megalitismo (páx. 17):** Do grego “mega” (grande) e “litos” (pedra), este termo fai alusión ás construcións arquitectónicas formadas por grandes pedras, chamadas megálitos. Os tipos básicos son: o menhir ou pedrafita (un monólito fincado no chan verticalmente), o crómlech (menhires formando un círculo) e o dolmen ou anta (sepulcros formados por unha cámara que pode estar precedida dun corredor). Corresponden a unha ampla cronoloxía que vai desde finais do Neolítico ata a Idade do Bronce (ca. 3000-1000 a.C.).

**Castro (páx. 21):** Poboado fortificado prerromano, xeralmente situado nunha zona de fácil defensa, no que se asentaron as poboacións indíxenas da Meseta norte e do noroeste peninsular, onde da nome á cultura castrexa. Son moi numerosos os conservados na actual Galicia, caracterizados pola súa planta redondeada e un urbanismo irregular no que as construcións, especialmente as vivendas, teñen tamén formas redondeadas. Os máis antigos datan da Idade do Bronce, aínda que alcanzaron o máximo desenvolvemento na Idade do Ferro e algúns deles seguiron ocupados trala conquista romana e perduraron ata a Idade Media.

**Guerras cántabras (páx. 24):** Enfrontamentos bélicos entre os romanos e os pobos do norte peninsular (cántabros, ástures e galaicos) que supuxeron a finalización da conquista romana da península ibérica. Tiveron lugar entre os anos 29 e 19 a.C. e estiveron dirixidas polo emperador Augusto. A batalla de Monte Medulio (ano 25 a.C.) puxo fin á resistencia dos galaicos.

**Convento (páx. 25):** No Imperio romano inicialmente eran asembleas conxuntas de romanos e indíxenas que evolucionaron ata converterse en unidades administrativas (recadación de impostos, recrutamento de tropas) e xurídicas (regularización de preitos, realización de contratos) dentro das provincias romanas. Unha cidade actuaba como capital do *conventus* e lle daba nome, pero o seu territorio non estaba definido xuridicamente, polo que os seus límites eran imprecisos. A actual Galicia correspondíase, basicamente, co *Conventus lucensis*.

**Bárbaros (páx. 31):** Denominación xenérica dada polos gregos e romanos aos pobos situados fóra do ámbito da súa civilización e que non falaban a súa lingua. Durante o Imperio romano o termo tomou un sentido pexorativo empregándose para designar os pobos de costumes primitivas que ameazaban coas súas incursións as fronteiras do mundo romano e que foron progresivamente penetrando nel. No 476 conseguiron tomar Roma e depoñer ao derradeiro emperador romano de Occidente.

**Aula regia:** Organismo político que asesoraba ao monarca nos asuntos políticos, militares, legislativos e xudiciais do reino visigodo de Toledo (507-711). Nos seus comezos estaba formada por cortesáns e servidores do rei, pero desde o século VI asistían tamén as principais personalidades do reino, nobres e bispos. Tendo en conta que a monarquía era electiva, a función deste organismo era fundamental porque tamén interviña na designación dos monarcas.